



Centro Asociado á Universidad Nacional de Educación
a Distancia

Biblioteca

GUÍA DE USO DA BIBLIOTECA Curso 2013-2014

1. LOCALIZACIÓN

r/. Pepín Rivero, n.º 3
biblioteca@a-coruna.uned.es
<http://www.acoruna.uned.es/>
Tfno.: 981 145560

2. HORARIO

Durante o período lectivo do curso académico o horario é:

LUNS-VENRES de **10 a 14:00** horas e de **16:00 a 20:30** horas.

No período non lectivo: de **9 a 13:30** horas.

3. SERVICIOS

3.1. Consulta en sala

A Biblioteca conta con varios postos de lectura e tres terminais para consultar o catálogo. Na sala de lectura existen catro ordenadores con acceso a Internet e conexión a unha rede wi-fi. Ten 86 postos de lectura e tres PIM (postos de información multimedia). Os usuarios deberán identificarse no mostrador da Biblioteca antes de usar os ordenadores.

3.2 Servizo de préstamo domiciliario

Todo o fondo da Biblioteca é obxecto de préstamo, coas seguintes excepcións (punto vermello):

- Obras de referencia (enciclopedias, dicionarios, etc.).
- Publicacións periódicas.
- Obras de carácter singular.

3.2.1. Normas de préstamo

1.- Poderán facer uso do servizo de préstamo exclusivamente **alumnos, titores e PAS** da UNED. Para facer efectivo un préstamo será IMPRESCINDIBLE presentar o carné de alumno da UNED, expedido pola Secretaría.

EXCEPCIONALMENTE, poderá retirar libros a persoa cuxo titular autorice expresamente, co modelo que pode descargar da páxina web da Biblioteca-A Coruña ([Formulario de autorización de uso do carné](#)).



Non se admitirá ningunha delegación de préstamo que non cumpra este requisito.

2.- Para darse de alta/renovar o carné requírese a presentación, na Biblioteca, do carné da UNED e o xustificante de ter realizado o pago das taxas de matrícula.

3.- O horario de préstamo será de **10:00 a 14:00** horas e de **16:00 a 20:30** horas.

4.- NON se envían os documentos os usuarios por correo.

5.- A [renovación](#) pode facerse a través do WebCat ou telefonicamente.

6. - Número de préstamos para ALUMNOS: **Máximo de 3 documentos en TOTAL**

PRÉSTAMO USUARIOS BIBLIOTECA A CORUÑA

Tipo de material	N.º Documentos Totais máximo	Período de préstamo	N.º renov. internet
Monografías (15 días)	3	2 semanas	1
Audiovisuais (AV)	2	1 semana	0

NÚMERO TOTAL DE DOCUMENTOS QUE SE PODEN TER EN PRÉSTAMO: TRES

RESERVAS USUARIOS BIBLIOTECA A CORUÑA

Tipo de material	N.º Documentos Totais máximo
Monografías (15 días)	2
Audiovisuais (AV)	2

NÚMERO TOTAL DE RESERVAS SIMULTÁNEAS: DOS

7.- No caso de **simultanear dúas carreiras**, o máximo de documentos en préstamo é de **5**.

8.- Imporase un día de sanción, sen préstamo nin reservas, por día de demora e documento, aos usuarios que non cumpran os prazos.

3.3. Servizo de información e formación de usuarios

Orientación sobre a organización e funcionamento da Biblioteca, uso dos catálogos, obras de referencia, bases de datos, etc.



Centro Asociado á Universidad Nacional de Educación a Distancia

Biblioteca

3.4 Hemeroteca

Para acceder ás revistas electrónicas desde fóra do Centro Asociado:

1. Entrar na páxina da UNED <http://www.uned.es/portal/>
2. Entrar en "Biblioteca".
3. Pinchar en "Revistas".
4. Aparece "Revistas electrónicas". Pinchar en "Acceso externo".
5. Escribir en Id. de usuario o seu enderezo de correo electrónico UNED.
6. Escribir en "Contraseña" a que corresponda.

3.5 Préstamo interbibliotecario

Permite solicitar documentos que non se atopan no fondo da nosa Biblioteca. Os documentos obtidos a través deste servizo só poderán consultarse na sala. Para poder facer uso deste servizo é necesario consultar co personal da Biblioteca as condicións de préstamo.

Que documentos se poden solicitar?

Libros agotados ou antigos..

Artículos de publicacións periódicas.

Actas de Congresos.

Literatura gris: teses, patentes, normas, informes...

Bibliografía complementaria.

A petición de documentos debe facela na biblioteca a persoa interesada Deberá mostrar o seu carné vixente da UNED ou calquer outro documento que o acredite como membro desta Universidade e rellenar o formulario correspondente. Tamén o pode solicitar por correo electrónico a: biblioteca@a-coruna.uned.es

4. FONDO BIBLIOGRÁFICO

A colección documental está constituída por un fondo multidisciplinar representativo de todas as materias que se imparten na Universidade, unha colección de referencia e un fondo local.

Os fondos bibliográficos poden consultarse nos ordenadores de acceso público na biblioteca ou en Internet a través del WebCat <http://biblio15.uned.es>.



4.1. Como están ordenados os libros?

A maior parte do fondo bibliográfico atópase colocado seguindo unha clasificación por materias: a **CDU** (Clasificación Decimal Universal*). A **cada materia** correspóndelle **un número**. Deste xeito, ordénanse xuntos os documentos que tratan da mesma materia. Este número utilízase para formar a **SIGNATURA TIPOGRÁFICA**, impresa na etiqueta pegada no lomBo do libro (TEJUELO).

Que é a signatura?

519.2	Número da CDU
PEÑ	Tres primeiras letras do apelido do autor. Empréganse para ordenar alfabeticamente os documentos que tratan da mesma materia e teñen o mesmo n.º de clasificación
INT[CD]	Tres primeiras letras do título, que tamén serven para manter a orde alfabética. A indicación entre corchetes “[CD]” indica que o libro ten un material anexo (neste caso un cd-rom). Solicítelo no mostrador da Biblioteca.

Esta signatura corresponde ao libro:

Daniel Peña Sánchez de Rivera. *Introducción a la estadística para las ciencias sociales.* Madrid, McGraw-Hill, 1999

No caso do exemplo, a ubicación do documento, é ESTANTERÍA. Existen moitas outras localizacións que non seguen este esquema:

- CD, DVD que hai que solicitalo no mostrador.
- SECCIÓN DE REFERENCIA tamén ordenada por CDU.



4.2 Percorrido pola Biblioteca

Este cadro amosa a estrutura da CDU, que nos indica como están clasificados os documentos segundo as materias, ademais de ser a base para ordenar os documentos nas estanterías.

<p>* CDU (Clasificación Decimal Universal)</p> <p>0 Xeralidades. 001 Ciencia e coñecemento en xeral. 003 Escritura e sistemas de escritura. 007 Teoría da comunicación 008 Civilización, cultura. Progreso.</p> <p>1 Filosofía. Psicoloxía. 16 Lóxica. 17 Ética. 159.9 Psicoloxía.</p> <p>2 Relixión. Teoloxía.</p> <p>3 Ciencias Sociais. 31 Estatística. 32 Política. 33 Economía. 34 Dereito. 35 Administración pública. 36 Traballo social. 37 Educación. 39 Antropoloxía.</p> <p>5 Matemáticas. Ciencias Naturais. 51 Matemáticas. 53 Física. 54 Química. 55 Xeoloxía. 57 Bioloxía.</p> <p>6 Ciencias Aplicadas. Medicina. Tecnoloxía. 61 Medicina. 616 Psiquiatría. 62 Enxeñaría. 65 Xestión e organización da industria, comercio e comunicacións. 657 Contabilidade. 658 Administración de empresas</p>	<p>7 Belas Artes. Xogos. Espectáculos. Deportes. 72 Arquitectura. 73 Escultura. 75 Pintura. 78 Música.</p> <p>8 Linguaxe. Lingüística. Literatura. 80 Filoloxía. 81 Linguaxes. 811.134.2 Lingua castelá. 82 Literaturas. 821.134.2 Literatura en castelán.</p> <p><i>821.111 Literatura Inglesa (Só Obra literaria)</i> <i>821.124 Literatura Latina (Só Obra literaria)</i> <i>821.131.1 Literatura Italiana (Só Obra literaria)</i> <i>821.133.1 Literatura Francesa (Só Obra literaria)</i> <i>821.134.2-1 Literatura Española. POESÍA (Só Obra literaria)</i></p> <p>9 Xeografía. Biografía. Historia 91 Xeografía. 92 Biografía. 930.1 Historiografía. 94 Historia. 94(460) Historia de España. 94(7/8) Historia de América.</p>
--	--



Centro Asociado á Universidad Nacional de Educación a Distancia

Biblioteca

5. SERVIZOS NA WEB

- [Bases de datos.](#)
- [Libros electrónicos.](#)
- [Revistas dixitais.](#)
- [Guías Bibuned.](#) Selección de páxinas de interese xeral, cultural e universitario por Comunidades Autónomas.
- [Recursos de investigación por materias da Biblioteca Central.](#)
- Audiovisuais en liña, radio, televisión e tele-actos a través deo [CEMAV](#). Tamén están dispoñibles en [canal UNED](#).
- [Repositorio da UNED e-Spacio](#), que contén documentos dixitais resultantes da actividade científica e académica da UNED, para ser buscados, recuperados e reutilizados máis doadamente segundo os principios [Open Access](#) (libre acceso).

6. NORMAS XERAIS DE USO DOS FONDOS E INSTALACIÓNS

- Gardar silencio nas salas.
- Non fumar, comer ou beber.
- **SILENCIAR** os teléfonos móbiles **ANTES** de entrar.
- O usuario será responsable do bo uso e conservación dos documentos e instalacións.
- Carné da UNED, pode ser requerido polo persoal do Centro.

O incumprimento destas normas privará do acceso aos servizos da Biblioteca.